

Un xuíz da Audiencia Nacional cuestiona que Resistencia Galega sexa unha organización terrorista

SERMOS GALIZA :: 31/05/2014

[Gal/Cast]El voto discrepante del magistrado tiene que ver con el hecho de que nunca atentasen "contra la vida y libertad de las personas"

Galego

A tipificación de Resistencia Galega como organización terrorista, tal e como considerou a Audiencia Nacional nunha sentenza de setembro e validou o Tribunal Supremo en abril, semella que non é compartida pola totalidade dos e das maxistradas da AN. Unha disintonía que se vén de se poñer de manifesto no fallo da Audiencia Nacional que condena aos independentistas Xurxo Rodríguez e Carlos Calvo a 6 e 12 anos de prisión.

Un maxistrado, Ramón Sáez Valcárcel, fixo un voto discrepante a esa decisión, un voto no que conclúe, tal e como recollen medios españois como El País ou El Mundo, que Resistencia Galega non ten as características dunha banda terrorista.

O xuíz razoa que RG conta con "escasos efectivos" e que os seus membros non portan armas, carecen de depósitos de explosivos e portan con eles documentación legal. Ademais, o maxistrado considera de relevancia o feito de que os artefactos explosivos que se lles atribúe sexan de elaboración artesanal e que nunca atentasen "contra a vida e a liberdade das persoas".

Para Sáez Valcárcel os mencionados rasgos "non se compadecen cos dunha organización terrorista". É máis, este xuíz engade: "Non todo acto de violencia con finalidade política pode ser cualificado como terrorista, porque do contrario poderíamos incorrer, en materia tan sensíbel para os dereitos fundamentais, nunha aplicación extensiva dos tipos penais".

Castellano

La tipificación de Resistencia Galega como organización terrorista, tal y como consideró la Audiencia Nacional en una sentencia de septiembre y validó el Tribunal Supremo en abril, parece que no es compartida por la totalidad de los y de las magistradas de la AN. Una disintonía que se acaba de poner de manifiesto en el fallo de la Audiencia Nacional que condena a los independentistas Xurxo Rodríguez y Carlos Calvo a 6 y 12 años de prisión.

Un magistrado, Ramón Sáez Valcárcel, expresó un voto discrepante a tal decisión, un voto en el que concluye, tal y como recogen medios españoles como El País o El Mundo, que Resistencia Galega no tiene las características de una banda terrorista.

El juez razona que RG cuenta con "escasos efectivos" y que sus miembros no llevan armas, carecen de depósitos de explosivos y la documentación que llevan con ellos es legal. Además, el magistrado considera de relevancia el hecho de que los artefactos explosivos que

se les atribuye sean de elaboración artesanal y que nunca atentasen "contra la vida y la libertad de las personas".

Para Sáez Valcárcel los mencionados requisitos "no se parecen a los de una organización terrorista". Es más, este juez añade: "No todo acto de violencia con finalidad política puede ser calificado como terrorista, porque de lo contrario podríamos incurrir en materia tan sensible para los derechos fundamentales, en una aplicación extensiva de los tipos penales".

<https://galiza.lahaine.org/un-xuiz-da-audiencia-nacional-cuestiona>